

ANUNCIO

Para a contratación a 30 operarios destinados a labores de recollida de lixo, limpeza viaria, mantemento de obras e servizos e fontanaría , con carácter temporal e contratos de duración determinada, a xornada completa e por un período dun ano. Estas contratacións encádranse dentro do Plan de emprego municipal.

Instancias: Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ata as 14:00 horas do sétimo día natural posterior á publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión e na web municipal. Con ela acompañarase a seguinte documentación compulsada:

- a) Documento de identidade
- b) Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 2 ou equivalente)
- c) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade que haberá que aboar serán 10,00 €uros, que serán pagados na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: BBVA (ES17 0182 6246 3202 0036 0191); no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI da persoa candidata á praza).

Segundo a Ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos “Dereitos de exame” e “Compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Emprego ou servizo homólogo da comunidade autónoma.

PROBAS QUE SE REALIZARÁN: Segundo as bases aprobadas para este efecto.

Bases íntegras no Departamento de Persoal do concello e na web municipal.

Información: Telf: 986 570 030 (ext. 4221)

A Estrada, 16 de xaneiro de 2017
O ALCALDE

Asdo. D. José C. López Campos